



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 17 de febreiro de 2021**.

1. Apróbase o borrador da acta anterior, celebrada o día 10 de febreiro de 2021.
2. Concédese licenza de legalización das obras de instalación de equipamento deportivo consistente na instalación, na parcela con referencia catastral 36026A003060010001BH, en Chan do Monte, 27, de dúas pistas de pádel segundo o proxecto redactado polo arquitecto Francisco Nieto Díaz de Yela.
3. Concédese licenza para a construción dunha piscina na parcela de referencia catastral 36026A034005800000LW, sita en Aguete, segundo o proxecto redactado pola arquitecta Iria Pazos Neira.
4. Acórdase a participación no Plan de mellora de camiños municipais 2021-2022, para a actuación denominada "Mantemento da estrada das Pasás entre Xermade e Xuncal", da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
5. Solicítase axuda para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro, con destino ó proxecto denominado "Valorización do patrimonio Marítimo-Pesqueiro Local: A Praza de Abastos", á Consellería do Mar.
6. Dáse conta da Addenda para a modificación dos acordos de comisión bilateral relativos ás áreas de rexeneración e renovación urbanas da Comunidade Autónoma de Galicia", do Instituto Galego de Vivenda e Solo.
7. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

1. Apróbase o expediente de contratación do subministro para "Adquisición de equipamento para o impulso da Administración Dixital".
2. Solicítase axuda á Consellería do Mar para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro, con destino ó proxecto denominado "Espazo emprendedor innovación alimentaria".

A ALCALDESA,
María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000712E100V9I1B0R2G4U3 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20210463585
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 19/02/2021 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/02/2021 10:59:44	Fecha: 19/02/2021 Hora: 10:59

